

Don Xaquín Lorenzo e a Filatelia



M^º Elisa Abad Suárez



*Foto do ano 1961
na que aparecen de
esquerda a dereita:
D Xaquín Lorenzo
Fernández, D. Celso
Pereira Domínguez,
Sacerdote D. Julio Diz,
D. Manuel Pereira
Fernández (membro
da Sociedade ata o seu
pasamento),
D. Julio Taboada
Bonastre e D. José Luis
López Cid.*

Don Joaquín

M^º Perfecto Lorenzo Fernández, viu a luz o 23 de xuño de 1907 no primeiro andar do nº 30 da rúa da Paz de Ourense; no ano 2007 conmemórase polo tanto o Centenario do seu nacemento, acontecemento que nos serve para facer unha lembranza deste intelectual distinguido, eminente etnógrafo, arqueólogo, profesor, historiador, debuxante, fotógrafo e filatelista.

Dende neno tivo contacto coa cultura da man da súa nai, que lle vai impartindo instrución e seu irmán Xurxo.

Foi medrando, e con el a súa ansia de coñecer-la cultura da súa terra: isto levouno a emprender ó longo da súa vida distintas empresas nas que participou de xeito activo e desinteresado.

Relacionábase a cotío con outros ourensáns en tertulias xurdidas en torno a un



*Foto feita na entrada
ó Mosteiro de Oseira
o 22 de abril de 1951.
Aparecen nela D. Xaquín
Lorenzo co profesor
D. Xosé Luis López
Cid acompañando a
alumnas de Cisneros.
Entre elas, Conchita
Parga, Viúva de D. Ángel
Pulido, membro notable
da sociedade así como
os seus fillos e netos.*

café que sería a desculpa para tratar temas de índole social e cultural.

Os selos son elementos de cultura e diversión que poden integrarse en calquera actividade de ocio, ó tempo que colaboran na formación persoal de cadaquén; as coleccións poñen en contacto ó coleccionista con figuras históricas, con países, con feitos fundamentais da humanidade, con progresos da ciencia, con costumes... Tal vez por iso, D. Xaquín se fixase neles, e de café en café e de charla en charla nacería a súa afección pola filatelia.

Alá polos anos 50 comezaron a falar e a se reunir uns cantos clientes do Salón de Variedades "Café-Bar La Bilbaína" apaixonados polo coleccionismo de todo tipo. Baixo a dirección do Rexistrador da Propiedade, D. César Quintán Noás, uníronse D. Victoriano Hernández de Sádaba, escritor de artigos filatélicos, o Doutor Relova Esteban, o militar D. Adolfo Caamaño Cournacell, D. Julio Soto Pérez, D. Luis Fitera, D. Castor Álvarez, dedica-

do profesionalmente ao coleccionismo xunto con D. Tomás Manuel Fernández Coego e D. Joaquín Lorenzo Fernández, ambos profesores en Cisneros, formando un grupo que iría fraguando un desexado proxecto.

O 27 de setembro de 1964 emitírase un selo para conmemorar o II Centenario do pasamento do "Padre Feijóo". Sería este o motor de arranque da asociación? Fose esa a orixe ou non, o que si está confirmado é que a *Sociedade Filatélica, Numismática e Vitofílica Miño de Ourense*, comezou a súa andadura oficial o 15 de novembro de 1964 segundo consta no Rexistro Civil; daquela recibía o nome de *Sociedad Filatélica Numismática y Vitofílica de Orense*.

Como presidente D. Julio Gacía Pérez; vicepresidente, D. César Quintán Noás; tesoureiro, D. Julio Soto Pérez; vocais, D. Victoriano Hernández de Sádaba, D. Ángel Saavedra Bugallo, D. Ángel Iglesias Acuña, D. José Nónva Sampayo, D. José

Luis Villarino Ramos e D. Adolfo Caamaño Bournacell e como secretario D. Joaquín Lorenzo Fernández.

Este pasará á historia da Sociedade como o seu primeiro secretario. Grazas ó cargo que desempeñou durante varios anos, temos na actualidade textos manuscritos e asinados por el no libre de actas.



Participou na proposta de actividades e na súa realización como parte da Comisión Organizadora, como Xurado Cualificador e como doador de Premios tal como temos constancia nos catálogos de distintas exposicións.

E non só a nivel particular, senón que tamén contribuíu como empresa patrocinadora entregando premios en nome do Colexio "Cardenal Cisneros" do que era docente e despois co-fundador do actual con sede na rúa Pardo Bazán da cidade.

Alí, no desenrolo da súa actividade profesional, entre clase e clase, transmitiu o seu amor pola filatelia ós que tiña ó seu carón, alumnos e compañeiros na docencia coma D. Manuel Aníbal Pereira Fernández e D. Tomás Manuel Fernández Coego, ambos membros da sociedade.

Tiña unha boa colección de selos clásicos de España que ía atesourando pouco a pouco, e que falecido o seu irmán, tiña preparada para deixarlle en herdanza ó seu afillado, Xesús María Ferro, fillo do seu amigo Ferro Couselo. Pero o destino quixo que esta idea se truncara co pasamento de Xesús M^a Ferro sendo compañeiro de traballo do seu padriño no colexio.


Tempo despois, un alumno que logo pasou a se converter en amigo e compañeiro, D. Manuel Mateo, foi a persoa de confianza á que D. Xaquín lle encomenda a entrega da súa colección á Filatelia Álvarez para vendela. Alí foise desfacendo pouco a pouco, serie a serie.



Acta fundacional da Sociedade asinada por D. Xaquín como primeiro secretario.

A día de hoxe, ademais dos seus manuscritos no libro de actas da Sociedade, consérvanse como mostra da súa afección, os seus carnés de socio da Sociedade Filatélica Miño dos anos 1986, 1987 e 1988 así como o de socio do Clube Filatélico de Portugal, todos conservados no Museo do Pobo Galego.

Tamén un saúda do Presidente da Federación Galega de Sociedades Filatélicas dirixido a D. Xaquín comunicándolle a súa puntuación, así como o Diploma do ano 1973 no que se lle outorga a Medalla de Prata para súa colección de España.



Comunicado da incorporación dos nomeamentos dos membros da Xunta directiva da Sociedade Filatélica no Rexistro especial de Asociacións del Gobierno Civil; nela aparece D. Xaquín como secretario.

Carné do ano 1988 asinado por D. Xaquín que o acredita como membro da Sociedade Filatélica (Consérvase no Museo do Pobo Galego).



E para completa-lo legado filatélico, mencionar unha serie de cartas dirixidas a D. Xaquín enviadas por amigos desde distintas partes do mundo acompañadas de outras que el mesmo se enviaba para recoller carimbos e rolos especiais.

Sen embargo, a súa relación coa filatelia non rematou co seu pasamento o 18 de xullo de 1989 en Facós (Lobeira).

Na acta da Sociedade do 4 de marzo de 1990, no seu punto 4º acórdase: "... hacer una mención de honra a D. Joaquín Lorenzo Fernández "Xocas", primer secretario de esta Sociedad, gran polígrafo, tristemente fallecido".

O ano 2004, para moitos galegos "o ano do Xocas", dedícaselle o Día das Letras Galegas; a Sociedade, que celebra por esas datas o seu 40 aniversario, organiza na súa honra unha exposición extraordinaria do 14 ó 17 de maio no Liceo Recreo Ourensán e, para conmemorar este feito tan esperado, escolle entre varios deseños un sobre ilustrado cun carro, tema preferente na obra de D. Xaquín ó que volvería en moitas ocasións.

Unha estafeta temporal de Correos estampaba un carimbo cunha caricatura de "Xocas" feita por Omar, membro da Sociedade.

Os participantes neste evento foron agasallados cun trofeo que reproducía a súa faciana segundo o caricaturista.

Ese mesmo ano, na XIV Exposición Filatélica, Numsimática e Vitofílica San Martiño, a igrexa do santo homenaxeada é a de San Martiño de Pazó (Allariz) da que D. Xaquín fixera un profundo estudo con D. Ángel del Castillo.

Ademais da nosa Sociedade, a de Noia creou outro carimbo que funcionou o 17 de maio nesa localidade coruñesa na súa honra.



O 2007, ano do centenario do seu nacemento, non pode pasar sen sonda para os amantes da filatelia. Por iso, na xa tradicional Exposición anual San Martiño, haberá un apartado especial dedicado ó seu primeiro secretario, D. Xaquín Lorenzo, que con grande entusiasmo soubo transmitir o amor ó coleccionismo e ó coleccionado, así como o hábito de valorala recollida e catalogación de obxectos: selos, moedas, bitolas, apeiros de labranza... xa que como el dicía: "... o que non se recolle, pérdese..."

O seu labor de difusión da súa afección chega ós noso días; de feito, amigos, alumnos e compañeiros de D. Xaquín, así como fillos e netos deles conservan a arte do coleccionismo e a súa relación con ese mundo.

Vaia este pequeno apunte para manter viva a memoria deste ilustre ourensán que "amando a nosa cultura, amou a nosa terra".

Sobre e carimbo promovido pola Sociedade Filatélica Miño no ano 2004 na honra de D. Xaquín Lorenzo.

Sobre e carimbo da Sociedade Filatélica de Noia do ano 2004.

